Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/21	GOB19I004S	
0E4K 5B21 696V 6N48 0VZX		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/DªMARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/DªALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:02 do vinte de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, por asentimento deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ARQUIVO DO CONCELLO DE NARÓN..- Vista a proposta formulada que di así: Visto a proposta de aprobación das bases específicas para a provisión dunha praza de Arquitecto/a superior emitida polo servicio de organización e RRHH (PER18I06K5). Visto o informe da intervención (INT18I01A3) intervido e conforme e visto o informe da intervención (INT19I0047) co documento contable RC 220250000421, está alcaldia, propón a esa Xunta de Goberno local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aprobar as seguintes bases específicas para a provisión dunha praza de técnico/a de arquivo Grupo A2.- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico de arquivo. Código praza: 2120006

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISION DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ARQUIVO DO CONCELLO DE NARÓN.

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Técnico/a de arquivo.
2.-Número de prazas que se convocan.- 1
3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A2, nivel 20, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.
4.- Función do posto de traballo.-

I. Asesorar ao concello e aos seus organismos autónomos en materia propia de seu ámbito, procurando un sentido global e coherente das actuacións do arquivo municipal.
II. Programar, coordinar e supervisar as actuacións propias do arquivo.
III. Elaborar estudios, informes técnicos, memorias valoradas e pregos de condicións de diversa índole dentro do seu ámbito competencial para o concello e os seus organismos.
IV. Confeccionar, executar e supervisar os expedientes e documentación que debe ser custodiada no arquivo.
V. Dirixir a elaboración do anteproxecto de orzamento no seu ámbito.
VI. Coordinar a colaboración con outros servicios para asegurar a correcta integridade de documentos e expedientes.
VII. Verificar que a documentación do arquivo sexa debidamente conservada e custodiada.

4.- Sistema de provisión.- Oposición libre.
5.-Titulación esixida.- Estar en posesión do título universitario de Licenciado ou Grado en Arquivística, Biblioteconomía e Documentación ou calesquera título oficial de grado que acredite a competencia para as tarefas a desenvolver.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España
Nivel de galego-Celga 4
6.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida.(incluído Celga 4)
- Xustificante pago dereitos exame.

7.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais.
8.- Dereitos de exame.- 17,21 euros.
9.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente).- Un funcionario/a municipal.
- Vocais (en número de tres).- Funcionarios/as de calesquera administración pública.
- Secretario (titular e suplente).- Funcionario/a de carreira de calesquera Administración Pública

10.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

OPOSICIÓN

A oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO.-Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de hora e media, un tema de dous extraídos ao chou polo Tribunal inmediatamente antes da celebración do exercicio ,de entre os que figuran como Anexo a estas bases (Grupo 1 e 2). O aspirante deberá específicar claramente na folla de exame, o tema elixido antes de comezar a exposición do mesmo.
Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, para superalo.
.
SEGUNDO EXERCICIO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo establecido polo tribunal, un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no temario que se indica como Anexo a estas bases (Grupo 2).
Neste exercicio valorarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática no plantexamento e formulación de conclusións e o coñecemento e adecuada interpretación da normativa aplicable no seu caso. Se permitirá o uso de textos legais non comentados para a realización do exercicio.
Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, en cada un dos supostos para superalo.
A cualificación final deste exercicio, virá determinada pola media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos supostos.

TERCEIRO EXERCICIO.- Galego.
Consistirá na tradución dun ou varios textos seleccionado/s polo Tribunal, no tempo establecido polo tribunal.
Quen acreditase, estar en posesión do título Celga 4 de galego, estará exento da realización deste exercicio.
A cualificación do exercicio será de “apto” ou “non apto”,
A puntuación total obterase sumando as obtidas nos dous primeiros exercicios.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.

ANEXO

Grupo 1

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.

TEMA 2.- A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento.

TEMA 3.- O Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións dá Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.

TEMA 5.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 6.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigación de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos.

TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.

TEMA 8.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 9.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación

TEMA 10.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 11.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais.

Tema 12.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 13.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.

TEMA 14- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local .O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións.

TEMA 15.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.

TEMA 16.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

TEMA 17.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes dos funcionarios/as locais . Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.

TEMA 18.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais: Tributos e prezos públicos.

TEMA 19.- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público .

TEMA 20- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público Disposicións xerais sobre a contratación do sector público

TEMA 21- Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Política en materia de prevención de riscos laborais para protexer á seguridade e saúde no traballo

TEMA 22.-. Lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal: Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas.

TEMA 23.-. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Políticas públicas de igualdade. Principios xerais. Acción administrativa para á igualdade.

TEMA 24.- Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas polo Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Grupo 2

TEMA 25.- Historia dos arquivos e da arquivística.

TEMA 26.- Arquivística: definición e ámbito. o documento: concepto, caracteres e valores.

TEMA 27.- O arquivo: concepto, función e tipos.

TEMA 28.- O documento de arquivo na administración electrónica.

TEMA 29.- O expediente electrónico.

TEMA 30.- Identificación de fondos. sistemas de clasificación e ordenación. instrumentos resultantes. a instalación.

TEMA 31.- O proceso documental (i): ingresos e transferencias.

TEMA 32.- O proceso documental (ii): valoración, selección e eliminación de documentos.

TEMA 33.- O consello de avaliación documental de Galicia.

TEMA 34.- A descrición arquivística. instrumentos resultantes. a normalización da descrición: norma isad (g), norma isaar (cpf), ead e eac.

TEMA 35.- Acceso aos documentos e aos arquivos. aspectos legais.

TEMA 36.- A conservación de documentos (i): prevención.
TEMA 37.- A conservación de documentos (ii): restauración.
TEMA 38.- O arquivo como centro de conservación: edificio, depósitos e instalacións.
TEMA 39.- Sistemas de reprodución de documentos en arquivos. normas e aplicacións.
TEMA 40.- A difusión e o servizo nos arquivos.
TEMA 41.- Lexislación en materia de arquivos. a lei de patrimonio histórico español.
TEMA 42.- A conservación do noso patrimonio dixital: estratexias de conversión e migración.
TEMA 43.- As exposicións nos arquivos: definición, xestión e organización. o papel das exposicións temporais na política de difusión e aceso á información.
TEMA 44.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos de documentos de Galicia. disposicións xerais.
TEMA 45.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos de documentos de Galicia. os documentos.
TEMA 46.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos de documentos de Galicia. os arquivos públicos, funcións. os arquivos privados.
TEMA 47.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos de documentos de Galicia. o sistema de arquivos de Galicia. definición e estrutura.
TEMA 48.- a lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos de documentos de Galicia. o sistema de arquivos da xunta de Galicia.
TEMA 49.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. sistema de arquivos das entidades locais de Galicia. sistemas de arquivos doutras institucións e entidades.
TEMA 50.- A lei 7/2014 de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. réxime sancionador.
TEMA 51.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do concello de Narón: obxeto e ámbito de aplicación.
TEMA 52.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do concello de Narón: dereitos e deberes da cidadanía. a notificación dos procedementos administrativos electrónicos.
TEMA 53.- ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. tramitación de procedementos administrativos electrónicos.
TEMA 54.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. arquivo electrónico e sede electrónica.
TEMA 55.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. identificación e tramitación electrónica da entidade local.
TEMA 56.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. identificación e tramitación electrónica dos interesados.
TEMA 57.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. dereito de acceso a información pública.
TEMA 58.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. a reutilización da información. publicación da información reutilizable e taboleiro de edictos electrónico.

TEMA 59.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. o rexistro electrónico.
TEMA 60.- Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Narón. normas de organización e comunicacións electrónicas internas.

(Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame.)"

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TECNICO DO CONCELLO DE NARÓN..- Vista a proposta formulada que di así: Visto a proposta de aprobación das bases específicas para a provisión dunha praza de Arquitecto/a Técnico OEP 2023 emitida polo servicio de organización e RRHH (PER18I06OU). Visto o informe da intervención (INT18I01BC), intervido e conforme e visto o informe da intervención (INT19I003Z) onde literalmente di *"o estar ocupado dito posto por persoal interino non procede acontabilización do RC correspondente"*, está alcaldia, propón a esa Xunta de Goberno local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aprobar as seguintes bases específicas e convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto técnico
Grupo A2.- Clasificación: Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Número de vacantes: 1. Denominación: arquitecto técnico. Código praza: 2120023

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISION DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO DO CONCELLO DE NARÓN.

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Especial. Subescala: Técnica media. Arquitecto técnico.
2.-Número de prazas que se convocan.- 1
3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ó grupo A2, nivel 20, segundo os acordos adoptados pola Corporación ó respecto.
4.- Función do posto de traballo.-

I. Asesorar ao concello e aos seus organismos autónomos en materia propia de seu ámbito, procurando un sentido global e coherente das actuacións a nivel interno e externo
II. Realizar a tramitación derivada dos proxectos de urbanismo e apoio a xefatura .
III. Informar tecnicamente os expedientes urbanísticos, valoracións e inspeccións de proxectos
IV. Desenvolver proxectos urbanísticos asignados baixo criterios e pautas preestablecidos.

V. Coordinar a execución de obras e proxectos
VI. Verificar que os traballos integren os principios de prevencións de riscos e seguridade no traballo.
VII. Informar o cumprimento da normativa e regulamentos de aplicación en materia urbanística e medioambiental

4.- Sistema de provisión.- Oposición libre.

5.-Titulación esixida.- Estar en posesión do título universitario de Diplomado ou Grado en Arquitectura técnica, grado en edificación , ciencias e tecnoloxías da edificación, enxeñeira da edificación ou calquera título oficial de grado que acredite a competencia para as tarefas a desenvolver.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España

Nivel de galego-Celga 4

6.- Documentación a presentar xunto coa instancia.-

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida.(incluído Celga 4)
- Xustificante pago dereitos exame.

7.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas presentes bases específicas e nas bases xerais correspondentes.

8.- Dereitos de exame.- 17,21 euros.

9.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

OPOSICIÓN

A oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO.-Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de hora e media, un tema de dous extraídos ao chou polo Tribunal inmediatamente antes da celebración do exercicio ,de entre os que figuran como Anexo a estas bases (Grupo I e II). O aspirante deberá especificar claramente na folla de exame, o tema elixido antes de comezar a exposición do mesmo.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, para superalo.

.

SEGUNDO EXERCICIO.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo establecido polo tribunal, un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no grupo II do temario que se indica como Anexo .

Neste exercicio valorarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática no plantexamento e formulación de conclusións e o coñecemento e adecuada interpretación da normativa aplicable no seu caso. Se permitirá o uso de textos legais non comentados para a realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de 5 puntos, en cada un dos supostos para superalo.

A cualificación final deste exercicio, virá determinada pola media aritmética das puntuacións obtidas en cada un dos supostos.

TERCEIRO EXERCICIO.- Galego.
Consistirá na tradución dun ou varios textos seleccionado/s polo Tribunal, no tempo establecido polo tribunal.
Quen acreditase, estar en posesión do título Celga 4 de galego, estará exento da realización deste exercicio.
A cualificación do exercicio será de "apto" ou "non apto",
A puntuación total obterase sumando as obtidas nos dous primeiros exercicios.

CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA E LISTA DE ESPERA
Lista de reserva.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, a relación de aspirantes que tivesen superado o proceso selectivo pero respecto aos cales non se formulara proposta de nomeamento por non alcanzar o número das prazas ofertadas, poderán ser propostos polo tribunal aos efectos de poder ser nomeados funcionarios/as de carreira, nos supostos previstos na base décima apartado segundo das bases xerais 2023 que rexen este proceso selectivo

Lista de espera- Ademais, se formará unha lista de espera, aos solos efectos de chamamentos de carácter temporal ou interino, cos/as opositores que tivesen superado integramente o proceso selectivo e aqueles/as opositores que sen superar integramente o proceso selectivo, tiveran aprobado o primeiro exame da oposición .

A orde na lista de espera será polo número de probas superadas e, no caso de empate, o total de puntuación obtida no proceso selectivo, si persiste o empate, a puntuación do primeiro exercicio.

Esta lista de espera terá carácter preferente sobre calquera outra que poida existir con anterioridade para futuros nomeamentos interinos ou contratacións temporais nos termos establecidos na base décimo sexta das bases xerais 2023 que rexen o presente proceso selectivo.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO
Concluído o proceso selectivo o Tribunal proporá á Alcaldía-Presidencia que se adxudiquen a praza e o posto de traballo ao/á candidato/a que obtivesen maior puntuación segundo a puntuación final do proceso selectivo, sumados os resultados finais de ambas as fases.

O prazo máximo para a resolución do proceso selectivo será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización da presentación de solicitudes, podendo prorrogarse por un mes máis a proposta do tribunal.

A adxudicación do posto na presente convocatoria producirá o cesamento no posto de traballo de quen o viñese desempeñando

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.

ANEXO

Grupo I

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.
2. A Coroa. As Cortes Xerais: composición. Funcións. Funcionamento. Goberno. Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
3. Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións dá Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente. A administración de Xustiza. Competencias.
4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigación de relacionarse electrónicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos.
6. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.
7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.
8. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación
9. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.
10. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais.
11. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

12. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.
13. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local .O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións.
14. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local O Pleno: Composición e competencias. As Comisións Informativas.
15. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Clases de funcionarias/os. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.
16. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia: Dereitos e deberes dos funcionarios/as locais . Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.
17. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os recursos das Facendas Locais: Tributos e prezos públicos.
18. Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público Disposicións xerais sobre a contratación do sector público
19. Marco normativo específico da Prevención de Riscos Laborais. A Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Política en materia de prevención de riscos laborais para protexer á seguridade e saúde no traballo
20. Lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal: Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas.
21. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Políticas públicas de igualdade. Principios xerais. Acción administrativa para á igualdade.
22. Normativa galega en materia de igualdade: principais medidas contempladas polo Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Grupo II

23. Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana: Estatuto xurídico da propiedade do solo. Estatuto básico da promoción das actuacións urbanísticas. Bases do réxime do solo. Regras procedimentais comúns e normas civís.

24. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbano. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

25. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo de núcleo rural. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

26. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo urbanizable. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

27. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime do solo rústico. Réxime transitorio de aplicación ao Concello de Narón.

28. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM). Planeamento de desenvolvemento.

29. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Execución e conservación das obras de urbanización. Proxectos de urbanización. Obras de urbanización. Conservación da urbanización.

30. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Títulos habilitante de natureza urbanística. Licenzas urbanísticas. Comunicacións previas.

31. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Usos e obras provisionais. Edificios fóra de ordenación. Normas de aplicación directa. Réxime das edificacións existentes de carácter tradicional.

32. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). O Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG). Réxime das parcelacións urbanísticas. Contido do proxecto de parcelación. División de terreos en solo rústico.

33. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo de núcleo rural. Condicións da edificación. Condicións para o outorgamento de licencias nos núcleos rurais.

34. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo urbanizable. Planes de desenvolvemento aprobados.

35. PXOM do Concello de Narón: Regulación do solo urbano. Categorías. Determinacións xerais. Ordenanzas xerais e zonais da edificación. Usos.

36. Regulación urbanística do solo industrial no termo municipal de Narón.

37. Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

38. Ordenanza municipal reguladora das terrazas dos locais de hostaleira de Narón.

39. Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón.

40. Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón.

41. Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre construcións, instalación e obras.

42. Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público: O contrato de obras. actuacións preparatorias do contrato de obras. execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

43. Lexislación estatal e autonómica de costas. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Limitacións da propiedade derivadas da súa protección. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

44. A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, (LOLG). Obxecto, ámbito de aplicación. Instrumentos de ordenación do litoral. Zonificación. Situación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, derivada da entrada en vigor da LOLG.

45. Lexislación estatal e autonómica de augas: O Dominio Público Hidráulico (DPH). Bens que o integran. Protección do DPH. Fins. Réxime de usos.

46. Lexislación estatal e autonómica de estradas: O Dominio Público Viario. Concepto e clasificación das estradas. Treitos urbanos. Travesías. Protección do dominio público viario. Delimitación de zonas e usos autorizables ou suxeitos a declaración responsable.

47. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Tipos de bens. Catálogos urbanísticos de protección do patrimonio cultural. Réxime xeral e específico de protección e conservación do patrimonio cultural. Disposición transitoria cuarta. Planeamento municipal.

48. Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario. Consideración urbanística das zonas de servizo. O dominio público ferroviario e a súa protección. Limitacións da propiedade nas zonas de protección.

49. Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea: Autorizacións en zonas de servidume ou que supoñan obstáculos. Articulación co Planeamento urbanístico.

50. A Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído. Real Decreto 1367/2007. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia.

CONCELLO DE NARÓN
Concello de Narón - Praza de Galicia S/N - 981 33 77 00 - Narón

51. A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

52. Orde TMA/851/2021, do 3 de xullo, sobre condicións básicas de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados.

53. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

54. Código Técnico da Edificación: Obxecto. Ámbito de aplicación. Condicións Xerais para o cumprimento do CTE. Esixencias básicas. Condicións do proxecto. Contido do proxecto.

55. Documento básico DBSI: seguridade no caso de incendio.

56. Documento básico DBSUA: utilización e accesibilidade.

57. Documento básico DBHS: Salubridade.

58. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

59. A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

60. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

61. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

62. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

63. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
64. O Informe de Avaliación de Edificios. O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación de edificios (IAE) na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o rexistro galego de IAE. A súa xestión municipal.

(Calesquera referencia normativa do temario se entende referida ás disposicións legais vixentes na data do exame.)

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4.- <u>DAR CONTA DUNHA RESOLUCION DE ALCALDIA APROBANDO A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO ANO 2025 .</u>

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Solicitude de subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

<u>ANTECEDENTES:</u>

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración publica no DOG nº 15 de 23 de xaneiro de 2025, a orde do 27 decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025.

Visto que se reúnen os requisitos establecidos no artigo 2 da orde para ser beneficiario, e tendo e conta que o artigo 4.1 establece que "a contía máxima da subvención que se concederá con carácter xeral será de 31.000,00€ por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo por un período de 12 meses, tomando como referencia os custos de contratación totais, incluida a cotización empresarial á Seguridade Social" ;E tendo en conta tamén que o mesmo artigo 4, no punto segundo, establece que podrá ser subvencionable cunha cuantía de 800,00€ adicionales, os gastos que se orixinen polo desenvolvemento das actividades de orientación, nos conceptos de gastos xerais, materiais técnicos e formación das persoas orientadoras, o importe total subvencionable pola Consellería de Emprego na contratación é de 31.800,00€.

Co obxecto de solicitar a subvención referenciada, e tendo en conta o período de contratación (1 de febreiro de 2025 a 31 de xaneiro de 2026), o Servizo Sociocomunitario solicita ao Servizo de Organización e Recursos Persoais do concello de Narón, o informe de custos do persoal técnico para realización de actividades de orientación laboral. En data 04/02/2025 o servizo referenciado elabora o informe de custos (PER19I00KR).

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para solicitar as subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (....) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (....).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS:</u>

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Orde de 27 de decembro de 2024, publicada no DOG nº 15 de 23 de xaneiro de 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.*
- *Bases de execución do orzamento en vigor.*

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a Alcaldía que resolva:

Primeiro. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar a subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025.
Segundo. Solicitar unha subvención por importe 31.800,00€, á Conselleria de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025. O desglose do proxecto é o seguinte:

Importe total do proxecto	*52.841,84€*
Subvención solicitada a Conselleria de Promoción do Emprego e Igualdade.	*31.800,00€*
Achega Municipal	*21.041,84€*

ACHEGA AUTONÓMICA- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2025 A 31-01-2026			
APLICACIÓN ECONÓMICA	*2025*	*2026*	*TOTAL*
2410/13000	*9.586,80*	*769,49*	*10.356,29*
2410/13002	*11.071,29*	*851,64*	*11.922,93*
2410/13003	*1.884,55*	*79,67*	*1.964,22*
2410/16000	*6.931,34*	*625,22*	*7.556,56*
Total	*29.473,98*	*2.362,02*	*31.800,00€*

ACHEGA MUNICIPAL- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2025 A 31-01-2026			
APLICACIÓN ECONÓMICA	*2025*	*2026*	*TOTAL*
2410/13000	*6.343,52*	*509,17*	*6.852,69*
2410/13002	*7.325,79*	*563,52*	*7.889,31*
2410/13003	*1.247,00*	*52,72*	*1.299,72*
2410/16000	*4.586,41*	*413,71*	*5.000,12*
Total	*19.502,72*	*1.539,12*	*21.041,84*

Terceiro. A Achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 2410/13000, 2410/13002, 2410/13003 e 2410/16000, tal como queda reflexado nos desgloses de financiamento anteriores.

Cuarto. O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

Quinto. O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

Sexto. Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Emprego e Igualdade no refente a esta solicitude de subvención.

Sétimo.Dar conta da Resolución á Xunta de Goberno Local"

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 11/02/2024, documento de intervención(ICO19I000P), do documento SSO19I00OK, do expediente EMP/2025/3 , esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 <u>.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA.</u>.- Vista a proposta formulada que di así: O día 12-02-2025 a técnica de Normalización Lingüística elevou á concelleira delegada de Política Lingüística o informe-proposta, co código ASI19I0072, do expediente ASI/2024/227, que literalmente di:
"INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA

FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2025

O día 14/11/2024 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención da Deputación da Coruña para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2025, a través do financiamento das retribucións da técnica do servizo lingüístico cun máximo de ata 20.000 euros.

O día 11/02/2025 publícase no BOP a resolución definitiva da subvención solicitada á Deputación da Coruña, aprobada por un importe do 20.000 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Política Lingüística que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeira.- Aceptar a subvención recibida pola Deputación da Coruña polo importe indicado de 20.000 euros.

Segunda.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón, que para o ano 2025 é o seguinte:

Custos totais de persoal	*69.633,72 euros* • *9200-12000: 17.560,44* • *9200-12006: 3.379,50* • *9200-12100: 9.764,02* • *9200-12101: 13.381,20* • *9200-15000: 11.057,15* • *9200-16000: 14.491,41*
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	*20.000 euros*
Achega do concello	*49.633,72 euros*

A achega do Concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2025.

Terceira.- O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 46109.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá como considere máis oportuno.”

Logo de ver o informe proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO19I000U, esta concelleira delegada de Política Lingüística propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NAS BASES ESPECÍFICAS DE TÉCNICO/A MEDIO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA.

Con data 07.02.2025 e código de documento PER19I00O3 , a xefa de sección de Persoal, en substitución da xefa de servizo de Organización e RRHH, ditou un informe proposta que literalmente transcrito di:

"De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA

Asunto: Corrección erros materiais nas bases especificas Técnico/a medio de promoción económica (OEP 2023)

ANTECEDENTES

Con data 24.10.2024 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases específicas para provisión dunha praza de Técnico/a de promoción económica, mediante o procedimiento de oposición libre, incluída dentro da OEP 2023.

Logo de detectar varios erros materiais nas anteditas bases, procedese a emitir esta proposta de corrección.

CONSIDERACIONS XURIDICAS

- ✓ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- ✓ Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP)
- ✓ Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia
- ✓ Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023
- ✓ Oferta Pública de Emprego 2023 aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 30.03.2023, publicada no BOP da Coruña nº 71 de data 14.04.2023)
- ✓ Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración general del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración general del Estado.
- ✓ Orzamentos do Concello de Narón do ano en curso

INFORME PROPOSTA

PRIMEIRO: Avogar para si, por razón de urxencia, a aprobación da corrección de erros das bases especificas da praza de Técnico/a de Promoción Económica, dando conta na seguinte sesión que se celebre da Xunta de Goberno de Local

SEGUNDO: Corrixir os erros cometidos nas bases específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24.10.2024, en concreto na base **"Cuarta. Proceso seletivo"**, do seguinte xeito:

Onde di:

"Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio

De carácter teórico.- Consistira en desenvolver por escrito nun tempo máximo de hora e media, un tema de dous extraídos ao azar inmediatamente antes de iniciar a proba de entre os que figuran no ANEXO. O aspirante deberá especificar claramente na folla de exame, o tema elixido antes de comezar a exposición do mesmo.

(…)

Segundo exercicio: Obrigatorio e eliminatorio

De carácter práctico - Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo establecido polo tribunal un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no temario que se indica como Anexo II"

Debe dicir:

"Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio

De carácter teórico.- Consistira en desenvolver por escrito nun tempo máximo de hora e media, un tema de dous extraídos ao azar inmediatamente antes de iniciar a proba de entre a totalidade dos temas que figuran no ANEXO (Grupo I e Grupo II). O aspirante deberá especificar claramente na folla de exame, o tema elixido antes de comezar a exposición do mesmo.

(…)

Segundo exercicio: Obrigatorio e eliminatorio

De carácter práctico - Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo establecido polo tribunal un ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal, de entre as materias relacionadas no temario que se indica como ANEXO. Grupo II"

TERCEIRO: Corrixir os erros cometidos nas bases específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24.10.2024, en concreto na numeración do **ANEXO "PROGRAMA"**, do seguinte xeito:

Onde di:

"**Grupo II**

1. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Disposicións xerais
2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Procedementos de concesión e xestión de subvencións

3. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Reintegro de subvencións
4. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Control financeiro de subvencións
5. RD 887/2006, de 21 de xullo, regulamento da lei de subvencións. Disposicións xerais
6. Lei 9/2009, de 8 xaneiro, polo que se aproba a Lei de subvención de Galicia. Disposicións xerais
7. Lei 9/2009, de 8 xaneiro, polo que se aproba a Lei de subvención de Galicia. Procedemento de concesión e xestión
8. Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, regulamento da lei de subvencións de Galicia. Disposicións xerais
9. Os convenios. Normativa básica. Los convenios na Administración Local. Normativa de Galicia
10. RD lexislativo 2/2004 das facendas locais: O orzamento local e as súas modificación
11. RD lexislativo 2/2004 das facendas locais: as fases do procedemento de xestión de gastos. O recoñecemento extraxudicial de créditos
12. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: clases de contratos. Disposicións xerais
13. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: racionalidade e consistencia na contratación. Liberdade de pactos e contido mínimo. Réxime de invalidez e recursos especial
14. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: partes no contrato. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e revisión
15. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: o expediente de contratación . pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas
16. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. Procedemento aberto. Procedemento restrinxido. Procedemento con negociación
17. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
18. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. O contrato de obras . o contrato de concesión de obras
19. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público O contrato de concesión de servizos. o contrato de subministro. Contrato de servicios.
20. Fases do procedemento. O contrato menor.
21. Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.
22. Lei 5/1998 de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Sociedades cooperativas
23. Lei 5/1998 de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Rexistro de cooperativas. Disposicións especiais
24. Lei 6/2016 de 4 de maio, da económica social de Galicia

25. Regulamento 1435/2003 del Consello de 22 de xullo de 2003, relativo ao Estatuto da sociedade cooperativa europea (SCE)
26. Lei 5/2017 de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: réxime xurídico do solo empresarial
27. Lei 5/2017 de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: Mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais
28. Lei 12/2006 de 1 de decembro de fundacións de interese galego
29. O plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Obxectivos Xerais
30. Ordenanza reguladora de administración electrónica de Narón: procedemento administrativo electrónico
31. Ordenanza reguladora de administración electrónica de Narón: sede electrónica. identificación e firma electrónica
32. Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Narón
33. Ordenanza reguladora da venda ambulante de Narón
34. Regulamento Administrativo do Concello de Narón: estrutura administrativa.as areas administrativas
35. Ordenanza reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón
36. Regulamento Municipal de cesión de uso/utilización de Locais e dependencias Municipais do Concello de Narón

Debe dicir:

"**Grupo II**

25. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Disposicións xerais
26. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Procedementos de concesión e xestión de subvencións
27. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Reintegro de subvencións
28. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Control financeiro de subvencións
29. RD 887/2006, de 21 de xullo, regulamento da lei de subvencións. Disposicións xerais
30. Lei 9/2009, de 8 xaneiro, polo que se aproba a Lei de subvención de Galicia. Disposicións xerais
31. Lei 9/2009, de 8 xaneiro, polo que se aproba a Lei de subvención de Galicia. Procedemento de concesión e xestión
32. Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, regulamento da lei de subvencións de Galicia. Disposicións xerais
33. Os convenios. Normativa básica. Los convenios na Administración Local. Normativa de Galicia

34. RD lexislativo 2/2004 das facendas locais: O orzamento local e as súas modificación
35. RD lexislativo 2/2004 das facendas locais: as fases do procedemento de xestión de gastos. O recoñecemento extraxudicial de créditos
36. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: clases de contratos. Disposicións xerais
37. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: racionalidade e consistencia na contratación. Liberdade de pactos e contido mínimo. Réxime de invalidez e recursos especial
38. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: partes no contrato. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e revisión
39. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: o expediente de contratación . pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas
40. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. Procedemento aberto. Procedemento restrinxido. Procedemento con negociación
41. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
42. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: adxudicación dos contratos das administracións públicas. O contrato de obras . o contrato de concesión de obras
43. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público O contrato de concesión de servizos. o contrato de subministro. Contrato de servicios.
44. Fases do procedemento. O contrato menor.
45. Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.
46. Lei 5/1998 de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Sociedades cooperativas
47. Lei 5/1998 de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Rexistro de cooperativas. Disposicións especiais
48. Lei 6/2016 de 4 de maio, da económica social de Galicia
49. Regulamento 1435/2003 del Consello de 22 de xullo de 2003, relativo ao Estatuto da sociedade cooperativa europea (SCE)
50. Lei 5/2017 de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: réxime xurídico do solo empresarial
51. Lei 5/2017 de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: Mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais
52. Lei 12/2006 de 1 de decembro de fundacións de interese galego
53. O plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Obxectivos Xerais
54. Ordenanza reguladora de administración electrónica de Narón: procedemento administrativo electrónico

55. Ordenanza reguladora de administración electrónica de Narón: sede electrónica. identificación e firma electrónica
56. Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Narón
57. Ordenanza reguladora da venda ambulante de Narón
58. Regulamento Administrativo do Concello de Narón: estrutura administrativa.as areas administrativas
59. Ordenanza reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Narón
60. Regulamento Municipal de cesión de uso/utilización de Locais e dependencias Municipais do Concello de Narón

CUARTO: Facer publica esta modificación mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña"

Logo de ver o exposto anteriormente, esta alcaldía en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE
Aprobar a proposta transcrita anteriormente nos seus propios termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE FEBREIRO DE 2025 ..-

(…)PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de febreiro de 2025, cun importe de 30.929,42 € e 1.570 contribuíntes.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais,

entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE FEBREIRO DE 2025 E AS LIQUIDACIONS TRIBUTARIAS COMPLEMENTARIAS DO MES DE XANEIRO DE 2025 ..-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de febreiro de 2025, por importe de **7.565,55 €** e **43 recibos.**

SEGUNDO: Aprobar as liquidacións tributarias complementarias das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de xaneiro de 2025, por importe de **1.187,45 €** e **21 recibos.**

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE FEBREIRO DE 2025 ..-

(…)
Primeiro: Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de febreiro de 2025, cun total de 221 contribuíntes e por importe de 7.295,98 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.
F_FIRMA_96 F_FIRMA_4